

Bibliio actividades

O camiño da nosa biblioteca

*Onde vai aquel romeiro
Meu romeiro a donde irá,
Camiño de Compostela,
Non sei se alí chegará*

Se queres chegar, segue a frecha...



E non esquezas:

Abrigo: aberto por diante e con cordón de esparto ou cingulo ceñido ao corpo.

Bordón: bastón gros e longo que che servirá como apoio e defensa e que leva colgada a:

Cabaza: cantimplora ecolóxica.

Calzado: cómodo.

Escarcela: bolsiña para gardar os cartos.

Esclavina: capa.

Sombreiro: de ás anchas e redondeadas para protexerte do sol e da choiva.

Vieira: símbolo do peregrino que podes colocar no sombreiro, na esclavina, na escarcela..

Zurrón: para levar a comida.

E bó camiño!

Bibliio actividades

Neste trimestre queremos, desde a biblioteca do centro, facer o noso peculiar percorrido polos libros que falan de Santiago e os seus camiños. Por iso, animámoste a que sigas as frechas amarelas e ao chegaren ao final...

**LEAS,
INVESTIGUES,
E...
PARTICIPES**

Contestando as peregrinas preguntas que a continuación formulamos:

PROXECTO DOCUMENTAL

CEIP PÍO XII



**CAMIÑANDO...
POLA
BIBLIOTECA**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Poza de Bar s/n 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel./Fax: 981562522 ceip.pio12@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/ceippiioxii>

Bibliio actividades

Para os máis pequenos

O libro do que estamos a falar ten coma protagonista a unha familia moi simpática e a un gatiño chamado Félix. Contesta:

O micho Félix escapa polos tellados e detense enriba dunha das gárgolas do edificio que agora se chama

A nosa familia ten que escapar dunha banda de gatos e sobe as escadas da

chamada así porque hai moitos anos alí

E camúflanse entre as



Do

Que están a facer os 24 anciáns da arquivolta superior?

CAMIÑANDO POLA BIBLIOTECA

Apellidos, nome e curso

Os peregrinos que facían o camiño na Idade Media tiñan que superar moitos máis perigos que agora. Debuxa un peregrino desa época coa vestimenta típica (ponlle nomes) tentando superar un deses perigos. E xa sabes...depositao xunto coas respostas no buzón da Biblioteca se queres estar entre os Peregrinos Lectores deste curso!



Debuxa a un destes anciáns e depositao xunto coas respostas no buzón da biblioteca para figurar no cadro de honra de Peregrinos Lectores 2010/11.

Bibliio actividades

De oito anos en adiante

O libro do que estamos a falar danos unha chea de datos sobre Santiago e os seus camiños... (que ti terás que completar se queres figurar no cadro de honra de Peregrinos Lectores 2010/2011). Pon moita atención!

Dise que nos arredores do bosque Libredón situaríase o lugar onde un ermitán chamado Palo avistou unhas luces que o levaron a pensar que alí se atopaban...

E por iso se construíu o que se pensa foi o primeiro templo de Santiago, que se chama

En que poboado fronterizo de entrada a Galliza polo camiño Francés se sitúa a existencia dun obxecto que buscaba Indiana Jones?

Que obxecto era ese?

Que outros obxectos foron saqueados na invasión de Santiago no ano 997 e para que se utilizaron?